

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014568	IES Nº 1	Ribeira	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Economía	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	29

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica está deseñada para o alumnado de 1º curso de Bacharelato diurno do IES Nº 1 de Ribeira, para o curso académico 2023/2024.

Ribeira é un municipio de Galicia situado na costa oeste da provincia de A Coruña, na comarca do Barbanza. Limita cos municipios de Pobra do Caramiñal e Porto do Son. Conta cun dos portos pesqueiros de baixura máis relevantes da provincia e inclusive de Europa. Dispón de importantes servizos administrativos como delegación comarcal de Facenda e tres Xulgados de Primeira Instancia e Instrución. Segundo datos do INE a poboación de Ribeira é de 26.839 persoas (2021) e ten un desemprego resistrado de 1.480 persoas.

O municipio está dividido administrativamente en nove parroquias: Aguiño, Artes, Carreira, Castiñeiras, Corrubedo, Oleiros, Olveira, Palmeira e Ribeira.

No plano natural, conta con importantes praias como a de Corrubedo e a de Coroso, a escasos metros do IES.

Económicamente, Ribeira depende fortemente do mar. O cultivo de mexillón e rodaballo representa unha importante fonte de ingresos. O sector conserveiro ten unha grande importancia na economía local. O sector turístico tamén está en crecemento. Conta con 1.522 empresas activas (2020, datos INE). Un alto porcentaxe da poboación son traballadores/as que exercen a súa actividade ao redor da pesca, actividades afíns e no pequeno comercio.

Características do centro: O IES Nº 1 atópase na Avenida da Coruña, 170, a escasos metros da praia de Coroso.

Oferta educativa: Educación Secundaria Obrigatoria; Bacharelato (réxime xeral ordinario e réxime de adultos) (Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais); Educación Secundaria para persoas adultas; alfabetización; as instalacións do centro tamén son utilizadas pola Escola Oficial de Idiomas.

Instalacións: O instituto conta con diferentes aulas para impartir a docencia, dotadas de material como: proxectores, pizarras, ordenadores para o profesorado. Tamén conta con aulas auxiliares: dous laboratorios, aula de tecnoloxía, de música, de plástica, dúas multimedia, de estudio, de convivencia. Tamén conta con salón de actos, biblioteca, pabellón de deportes, sala de profesores, despachos de dirección, departamentos compartidos, departamento de orientación, oficinas, conserxería con servizo de fotocopias, cafetería e dous patios (un exterior e outro cuberto).

Temos alumnado que, por diferentes motivos, dificultades de aprendizaxe ou de adaptación social, teñen necesidades específicas de apoio educativo, para os/as que ás medidas de atención á diversidade son fundamentais para que poidan desenvolver ao máximo as súas potencialidades.

No relativo á materia de Economía: A nosa realidade é incerta, pero ofrece multitude de posibilidades, vivimos nunha etapa de profundas transformacións aceleradas pola incorporación das novas tecnoloxías a diferentes esferas da vida. Na nosa sociedade gozamos dun progreso económico único que, con todo, xera niveis de pobreza non desexables, un exceso de contaminación, un incremento da desigualdade e un envellecemento da poboación nos países desenvolvidos. A globalización actual non se pode entender sen a dixitalización, que está a cambiar non só a estrutura produtiva global e a estrutura económica e financeira, senón tamén a propia sociedade no seu conxunto.

O noso planeta está interconectado de múltiples maneiras, no ámbito económico, cultural, ambiental e social, entre outros. Somos responsables do impacto das nosas decisións, tanto individuais coma colectivas, no mundo. É necesario coñecer e tomar conciencia de como as nosas formas de vida afectan o clima, os recursos dispoñibles, a biodiversidade e a propia sociedade. Esta reflexión está presente en todos os países do mundo e deu como froito o compromiso que supoñen os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) para afrontar conxuntamente os principais desafíos do futuro. A educación é un instrumento fundamental para facer posible ese compromiso e, neste sentido, a formación económica axuda a comprender desde a súa perspectiva cales son eses desafíos e como afrontalos.

Entender a realidade desde un punto de vista económico axuda a desenvolver mellor o noso comportamento individual e colectivo tras unha reflexión racional e ética que nos permita tomar decisións financeiras e económicas na nosa vida cotiá e valorar o seu impacto. Canto mellor comprendemos o mundo no que vivimos, máis capaces somos de tomar decisións que nos permitan mellorar a nosa vida, a sociedade e a contorna en que vivimos.

Coa materia de Economía trátase de aproximar o alumnado ao coñecemento da economía de maneira introdutoria, para entender a sociedade na que vive, espertar o seu interese e promover iniciativas dirixidas a actuar sobre a propia realidade, tras unha análise crítica desta, e tomar de maneira razoada e responsable as súas propias decisións, con repercusión económica e financeira tanto no ámbito individual coma colectivo, para que lles sirva de base non só a aqueles alumnos e alumnas que decidan estudar posteriormente esta disciplina, senón tamén aos que orienten o seu itinerario académico noutra dirección e desexen adquirir unha cultura económica xeral necesaria para participar dunha forma activa no desenvolvemento dos retos da economía actual.

O currículo de Economía toma como referentes os descritores operativos que concretan o desenvolvemento competencial do alumnado ao termo do bacharelato. Ademais, desenvolveuse tendo en conta os obxectivos fixados para esta etapa, contribuíndo a afianzar no alumnado «o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza en si mesmo e sentido crítico».

A materia de Economía parte da adquisición de todas as competencias clave por parte do alumnado nas etapas de educación primaria e educación secundaria obrigatoria, pero de forma particular da competencia emprendedora, da competencia cidadá e da competencia persoal, social e de aprender a aprender. Estas complementáanse achegando, por unha banda, elementos que permiten comprender a economía, as oportunidades sociais e económicas, así como as dificultades ás que se enfronta unha organización ou a propia sociedade con outros relacionados coa reflexión crítica e construtiva e a proposta de solucións a problemas e retos contemporáneos.

O currículo desta materia, que aborda aprendizaxes significativas, funcionais e de interese para o alumnado, está organizado ao redor da adquisición duns obxectivos que desenvolven diversos aspectos. En primeiro lugar, tratan de explicar como a escaseza condiciona os comportamentos desde a perspectiva económica, tanto no plano persoal coma social. En segundo lugar, propoñen analizar a realidade utilizando ferramentas que brinda a propia ciencia económica. As devanditas ferramentas permitirán estudar, por unha banda, o comportamento dos diversos axentes económicos, con visión microeconómica e, por outra, o funcionamento económico agregado, desde unha perspectiva macroeconómica. E, en terceiro lugar, inclúe tanto a explicación de ferramentas de intervención económica, as políticas económicas, como a exposición de retos da economía actual para os que hai que buscar novas solucións. A ciencia económica, como ciencia social, ten unha proxección cara á acción que permite desenvolver propostas de intervención na economía e contribuír a unha mellora do benestar da sociedade.

Os criterios de avaliación establecidos van dirixidos a comprobar o grao de adquisición dos obxectivos da materia, isto é, o nivel de desempeño cognitivo, instrumental e actitudinal que poida ser aplicado en situacións ou actividades dos ámbitos persoal, social e educativo cunha futura proxección profesional.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques e é obxectivo desta materia que o alumnado tome un primeiro contacto cos saberes de economía, que os comprenda e os relacione e que adquira unha visión global e integradora.

O primeiro deses bloques relaciónase coas decisións económicas a partir da análise da realidade. O segundo e o terceiro vincúlanse ao coñecemento e ao uso de ferramentas que permitan que o alumnado entenda a realidade económica desde unha perspectiva tanto micro coma macroeconómica. O cuarto lígase ás políticas económicas, aos aspectos principais da súa terminoloxía e á repercusión que teñen na contorna económica nun marco globalizado, así como aos problemas e aos instrumentos cos que contan os gobernos para dar respostas aos devanditos problemas. O quinto e último bloque céntrase na contorna económica máis inmediata para identificar as fortalezas e as debilidades da economía española.

Finalmente, expónse o enfoque desta materia desde unha perspectiva teórico-práctica, tendo presente a súa interconexión con outras disciplinas, que lle permitirá ao alumnado desenvolver un pensamento crítico e tomar decisións fundamentadas, propoñendo iniciativas que poidan dar solucións aos novos retos que expón a sociedade actual.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o problema da escaseza e a importancia de adoptar decisións no ámbito económico, analizando a súa repercusión nos distintos sectores e comparando solucións alternativas que ofrecen os diferentes sistemas para comprender o funcionamento da realidade económica.	2		2		40-50		1-2	
OBX2 - Recoñecer e comprender o funcionamento do mercado, analizando os seus fallos, para estudar a repercusión destes na contorna e facilitar a toma de decisións no ámbito económico.	2-3		2		40	3	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Distinguir e valorar o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda recoñecendo, con sentido crítico, os beneficios e os custos que xera, para determinar como se produce o desenvolvemento económico e a súa relación co benestar da sociedade.	2-3				40-50	3-4	1-2	
OBX4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento para planificar e xestionar con responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	2-3			4	12-40-50		1-2	
OBX5 - Identificar e valorar os retos e os desafíos aos que se enfrenta a economía actual, analizando o impacto da globalización económica, a nova economía e a revolución dixital para propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade.	2-3		4	5	12-40-50		1	
OBX6 - Analizar os problemas económicos actuais mediante o estudo de casos, a investigación e a experimentación, utilizando ferramentas da análise económica e tendo en conta os factores que condicionan as decisións dos axentes económicos, para facilitar a comprensión deses problemas e expor solucións innovadoras e sostibles que respondan a necesidades individuais e colectivas.	3		2		50	3-4	1-2-3	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introducción á economía	Nesta unidade analizaremos: As necesidades e os bens económicos. A escaseza de recursos como problema económico básico. A necesidade de eleixir e o custo de oportunidade. Introducción aos conceptos de factores produtivos, actividades económicas e axentes económicos.	7	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introducción á economía	A Economía como ciencia social para unha asignación eficiente dos recursos. División entre micro e macroeconomía, e economía positiva e normativa. A economía condutual, os principios que interveñen na toma de decisións económicas.	7	10	X		
2	A organización económica da sociedade: os axentes e os sistemas económicos	O benestar social. Os principais actores da actividade económica: as persoas ou familias, as empresas e o Estado. A interacción entre estes axentes económicos: o modelo do fluxo circular da renda. Diferentes modos nos que pode organizarse unha sociedade para satisfacer as necesidades das persoas: os sistemas económicos.	8	10	X		
3	A produción	Profundizaremos na actividade de produción levado a cabo polas empresas. Estudaremos a eficiencia técnica e económica. Analizaremos o modelo económico da fronteira de posibilidades de produción e o concepto de crecemento económico. Por último veremos brevemente os conceptos de ingresos, costes e beneficios, así como o punto morto ou umbral da rentabilidade.	9	12	X		
4	O mercado	Nesta unidade centrarémonos na dinámica dos mercados. Comezaremos presentando qué é e cómo funciona para despois analizar a oferta e a demanda, e os factores dos que dependen ambas. Analizaremos o equilibrio de mercado e os posibles desequilibrios que se poden dar. Tamén veremos o concepto de elasticidade.	10	12	X		
5	Tipos de mercado	Abordaremos a clasificación das estruturas de mercado existentes, analizando o impacto que causan na calidade de vida das persoas. Veremos que existen dous grandes tipos de estruturas de mercado: a competencia perfecta e a imperfecta. Analizaremos as características que definen o mercado de competencia perfecta, como modelo teórico ideal e tamén veremos o monopolio, o oligopolio e a competencia monopolística, prestando especial atención ao nivel de benestar xerado por cada un deles. Entenderemos o dilema do prisioneiro.	7	10		X	
6	Os fallos do mercado e a intervención do Estado	Nesta unidade analizaremos os problemas que xenera o mercado, no caso de deixalo que funcione libremente. Veremos os	7	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Os fallos do mercado e a intervención do Estado	diferentes tipos de fallos do mercado e as posibles solucións de cada un mediante a intervención do Estado. Finalmente veremos o que entendemos por estado de benestar.	7	10		X	
7	Os indicadores macroeconómicos	Introducimos a perspectiva macroeconómica para analizar o comportamento da economía no seu conxunto. Definiremos a oferta e a demanda agregadas e analizaremos o equilibrio macroeconómico. Veremos os principais indicadores económicos, analizando diferentes vías ou métodos para o seu cálculo, que nos van a proporcionar información sobre o estado de dúas das principais variables macroeconómicas: a produción e os prezos.	12	16		X	
8	O mercado de traballo	O mercado de traballo é un mercado dunha importancia vital debido ao seu impacto no desenvolvemento persoal e no benestar da sociedade. Nesta unidade comenzaremos describindo os principais conceptos relacionados co mercado de traballo para, posteriormente, centrarnos nos aspectos fundamentais do mesmo, tais como a oferta e demanda de emprego, as características especiais do mercado de traballo, a análise do desemprego, a igualdade de oportunidades e as tendencias do mercado. Finalmente analizaremos as políticas de emprego e a súa utilidade.	7	10		X	
9	A política fiscal	Nesta unidade analizaremos a ferramenta dos presupostos xerais do Estado e as posibles situacións que poden darse en canto ao seu saldo. Examinaremos a relación entre déficit público e deuda pública, comprendendo as súas diferenzas e consecuencias que xeran para a economía. Finalmente analizaremos en qué consiste a política fiscal, e os seus tipos, como ferramenta do Estado para contribuir ao logro dos obxectivos de política macroeconómica do país (crecemento do PIB, estabilidade de prezos e alto nivel de emprego), encamiñados á mellora do benestar social.	8	10			X
10	O diñeiro e a política monetaria. O sistema financeiro	Nesta unidade examinaremos o funcionamento do sistema financeiro, partindo do concepto de diñeiro, as súas funcións e evolución. Comprenderemos o proceso de creación de diñeiro bancario e abordaremos as diferentes ferramentas de intervención económica das que dispón a	10	16			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	O diñeiro e a política monetaria. O sistema financeiro	autoridade monetaria para levar a cabo diferentes tipos de política monetaria. Finalmente analizaremos a importancia dos intermediarios financeiros, bancarios e non bancarios, para o desenvolvemento económico dunha sociedade, analizando a importancia e utilidade de diferentes produtos financeiros.	10	16			X
11	Comercio internacional, cooperación e a Unión Europea	Comezaremos presentando a globalización e a súa influencia na actividade económica local e internacional. A continuación estudiaremos o comercio internacional, as súas ventaxas e resistencias. Veremos a importancia e ventaxas que xeneran os procesos de integración económica a nivel internacional e presentaremos o documento no que se rexistran as operacións entre países: a balanza de pagos. Tamén analizaremos o concepto das divisas e finalmente nos centraremos no estudo dos aspectos mais relevantes da Unión Europea.	7	12			X
12	Desenvolvemento sustentable e os retos da economía actual	Nesta unidade didáctica analizaremos cómo o crecemento económico está ligado a unha sobreexplotación dos recursos naturais e a un impacto negativo no medioambiente, polo que, analizaremos os retos que temos por diante. Plantearemos o concepto, e a necesidade, dun desenvolvemento sustentable, e analizaremos posibles alternativas, como o consumo responsable ou a economía circular. Finalmente analizaremos a pobreza extrema e nos plantearemos se sería posible a súa erradicación, analizando as iniciativas actuais que traballan nese sentido.	8	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introducción á economía	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Comprende os conceptos de escaseza económica, necesidades e bens económicos. Identifica o custo de oportunidade.	PE	90
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Identifica os diferentes métodos para a análise da realidade económica e a toma de decisións. Identifica o comportamento racional dos distintos axentes económicos.		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identifica os contidos asociados á unidade na realidade cotidiana.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas.</li> <li>- O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.</li> <li>- Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos.</li> <li>- Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A organización económica da sociedade: os axentes e os sistemas económicos	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Identifica os sistemas económicos no ámbito nacional e internacional.	PE	90
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Describe a asignación de recursos nos diferentes sistemas económicos.		
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Sintetiza as vantaxes e inconvenientes dos diferentes sistemas económicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Identifica os fallos do mercado e as solucións propostas polos diferentes sistemas económicos.		
CA1.6 - Comprender a organización dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Representa o fluxo circular da renda e explica os efectos das decisións dos axentes económicos.		
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Identifica os fluxos reais e monetarios entre os distintos axentes que interveñen na actividade económica definindo o seu papel na economía dun país.		
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Analiza o papel do Estado nos distintos sistemas económicos.		
CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Valora o papel dos axentes económicos no fluxo circular da renda.		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Explora a resposta dos sistemas económicos actuais á asignación de recursos.	TI	10
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Valora o papel dos axentes no desenvolvemento económico e benestar social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación.</li> <li>- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.</li> <li>- Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	A produción	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Identifica os obxectivos da empresa e o seu papel no desenvolvemento económico e benestar social. Identifica os elementos que participan na análise custo-beneficio	PE	90
CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Representa e interpreta a fronteira de posibilidades de produción.		
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Compara diferentes tecnoloxías de produción analizando a eficiencia técnica e económica	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas.</li> <li>- O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.</li> <li>- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	O mercado	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Define as variables que afectan á oferta e á demanda. Calcula e interpreta o equilibrio no mercado. Calcula e interpreta a elasticidade da oferta e da demanda.	PE	90
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Valora na práctica o papel do mercado na asignación de recursos.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica.

**Contidos**

- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.
- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.

UD	Título da UD	Duración
5	Tipos de mercado	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Analiza o proceso de toma de decisións nos diferentes tipos de mercado.	PE	90
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Diferencia os tipos de mercado		
CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións.	Analiza criticamente os efectos da existencia de mercados de competencia imperfecta.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

- Teoría de xogos. O dilema do prisioneiro. Xogos repetidos e equilibrios cooperativos.
- Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica.
- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.

UD	Título da UD	Duración
6	Os fallos do mercado e a intervención do Estado	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Identifica os fallos do mercado. Define política macroeconómica e identifica os diferentes tipos como solución aos fallos do mercado.	PE	90
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Define estado do benestar e identifica diferentes modelos.		
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Identifica as fontes de financiamento do estado do benestar.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Recoñece e valora, na práctica, os instrumentos e limitacións dos diferentes modelos de estado do benestar.		
CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento.	Valora a necesidade de intervención do Estado como resposta aos fallos de mercado.	TI	10
CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións.	Reflexiona de forma crítica sobre os fallos do mercado e as posibles solucións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.</li> <li>- Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.</li> <li>- A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Os indicadores macroeconómicos	16

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Describe o equilibrio macroeconómico. Calcula e interpreta as macromagnitudes. Identifica as limitacións das macromagnitudes.	PE	90
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Calcula e interpreta o crecemento económico. Diferencia entre crecemento económico e desenvolvemento.		
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Describe a economía mergullada. Define a inflación e explica as súas posibles causas.		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Emprega os indicadores macroeconómicos na comparación da situación de diferentes países.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.</li> <li>- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.</li> <li>- A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.</li> <li>- A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	O mercado de traballo	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Identifica as características do mercado laboral e interpreta os principais datos. Diferencia os tipos de desemprego. Identifica as políticas de emprego. Analiza a brecha salarial.	PE	90
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Reflexiona sobre as posibles accións para aumentar as posibilidades de emprego, como o coidado da marca persoal.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Economía laboral. O funcionamento e as tendencias dos mercados de traballo e o impacto dos custos de despedimento. Tipos de desemprego. Efectos e medidas correctoras. A brecha salarial.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	A política fiscal	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Identifica as distintas políticas fiscais.	PE	100
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Identifica as fontes de financiamento do déficit público.		
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Identifica os compoñentes dos orzamentos xerais do Estado. Identifica as razóns da existencia da economía mergullada e o seu impacto no estado do benestar.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Analiza o estado do benestar como solución ás necesidades individuais e colectivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.
- A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.

UD	Título da UD	Duración
10	O diñeiro e a política monetaria. O sistema financeiro	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Comprende o papel do diñeiro. Identifica os intermediarios financeiros e os produtos obxecto de intercambio.	PE	100
CA1.8 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Valora a importancia de planificar as finanzas das economías domésticas e elaborar un plan financeiro persoal.		
CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Manexa conceptos básicos das finanzas persoais.		
CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Identifica os efectos da era dixital no sistema financeiro: novos medios de pagamento, ciberseguridade...		
CA3.6 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Valora a importancia de seguir as recomendacións de ciberseguridade na práctica.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Manexa conceptos básicos das finanzas persoais nun contexto dixital.		
CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Comprende o funcionamento da política monetaria.		
CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Comprende o funcionamento da política monetaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros.</li> <li>- O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación.</li> <li>- Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.</li> <li>- A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	Comercio internacional, cooperación e a Unión Europea	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Valora argumentos a favor e en contra do libre comercio e o proteccionismo. Coñece o funcionamento do comercio internacional.	PE	100
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Recoñece os efectos da integración na economía mundial.		
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Identifica os factores explicativos da globalización, oportunidades e riscos. Recoñece as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración europeo. Distingue as principais institucións europeas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria.</li> <li>- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	Desenvolvemento sustentable e os retos da economía actual	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Identifica e explica os contidos asociados á unidade na realidade cotidiana.	TI	100
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Identifica e explica os contidos asociados á unidade na realidade cotidiana.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Identifica as causas da pobreza e propón solucións. Valora as implicacións socioeconómicas dos fluxos migratorios.		
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Identifica actuacións a desenvolver polos axentes económicos na procura do ODS.		
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Identifica e explica os contidos asociados á unidade na realidade cotidiana. Analiza os indicadores de desenvolvemento de diferentes países.		
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Identifica as externalidades do fluxo circular da renda. Coñece os indicadores de desenvolvemento e relacións co benestar e calidade de vida.		
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Valora diversas medidas que poidan contribuír á equidade, á xustiza e a sostibilidade. Comprende os factores e consecuencias da nova economía derivadas da revolución dixital		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Valora a economía colaborativa como alternativa menos desperdiciadora de recursos. Valora a importancia da implantación dunha economía circular.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identifica os principios básicos da teoría do decrecemento económico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.</li> <li>- O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria.</li> <li>- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.</li> <li>- A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital.</li> <li>- O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.</li> </ul>

## Contidos

- Teorías sobre o decrecemento económico.
- Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Desde unha perspectiva metodolóxica, como ciencia social, esta materia debe centrar a atención en que o alumnado sexa capaz de adquirir uns coñecementos que lle permitan interpretar os fenómenos sociais e económicos, xa que, entender a realidade, desde un punto de vista económico, axuda a desenvolver mellor o noso comportamento individual e colectivo e tomar decisións financeiras e económicas que nos permitan mellorar a nosa vida, a sociedade e a contorna en que vivimos.

O punto de partida será unha avaliación de diagnóstico dos coñecementos previos que desta materia teñan os alumnos e alumnas. Así, detectaranse as posibles diferenzas individuais para deseñar a metodoloxía máis adecuada que contemple a atención persoal ao alumno/a e ao grupo.

A metodoloxía proposta é unha combinación do método verbalístico, que se fundamenta na transmisión do saber, xunto á ensinanza activa, na que a participación dos alumnos e alumnas é o elemento esencial, mentres a profesora convértese na orientadora da aprendizaxe. Concretarase mediante a realización de actividades que os/as impliquen de forma activa, e ao deseño doutras que requiran unha colaboración cos seus compañeiros e compañeiras, procurando a súa formación integral como cidadáns. Prestarase atención especial á consecución da motivación do alumnado, tratando de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, achegadas á súa realidade inmediata, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e o traballo colaborativo.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia considéranse os principios e orientacións pedagóxicas do decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, como é o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, o espírito científico e o emprendemento..

A selección de recursos didácticos e situacións de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado.

Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que os alumnos e as alumnas expresen o coñecemento, empregando diferentes vías.

Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.

Proporanse na aula virtual múltiples exercicios prácticos, ou problemas, que o alumnado deberá resolver, proporcionando a profesora, con posterioridade, as solucións, paso a paso, para que se autoavalíen, verificando o grao de aprendizaxe adquirido e reforzalo por si mesmos; fomentando a aprendizaxe significativa, a autonomía, a reflexión, a responsabilidade e a competencia dixital.

Proporanse tarefas ou actividades individuais ou grupais, que permitan relacionar coñecementos e fomentar a análise crítica dos contidos.

Resulta fundamental promover a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora.

Hai que destacar que vaise a utilizar desde o primeiro día a aula virtual da Consellería de Educación, tanto para poñer a disposición do alumnado os materiais como para habitualos no seu manexo, entregando pequenos traballos e realizando tarefas ou cuestionarios. Deste xeito estaremos preparados, se as circunstancias obrigasen a utilizar esta ferramenta, nun posible escenario de ensino non presencial, ademais do desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material en pdf elaborado pola profesora
Proxector e pantalla
Pizarra
Aula virtual
Internet para acceder nas clases a páxinas web de interese para a materia: noticias de prensa, INE, OCU, Administración do Estado ou autonómica, etc.
Visionado de vídeos, reportaxes, entrevistas, etc. de interese para a materia
Biblioteca

Non se vai a utilizar libro de texto. O temario da materia, de elaboración propia, será proporcionado pola profesora en formato pdf na aula virtual, e tamén estará dispoñible en papel na conserxería do centro.

As clases impartiranse con proxeccións na pantalla e, no seu caso, enlaces a páxinas web de interese para a materia. Recurrirase a visionado de reportaxes, documentais, entrevistas, etc. de interese para a materia.

O alumnado realizará tarefas prácticas propostas en clase ou na aula virtual, individuais, e/ou, en equipos.

O alumnado poderá consultar na biblioteca libros e revistas, de interese para a materia.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa.

Formularase como proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado.

Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

Esta proba, deseñada para medir o nivel inicial do alumnado, é unha proba xenérica na que se pregunta sobre o coñecemento de algúns conceptos básicos de economía, pero tamén aproveitamos para preguntar polo interese académico futuro do alumnado así como pola razón pola que optan por cursar a materia.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>10</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>12</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	90	90	90	90	90	90	90	90	100	100
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	10	10	10	10	10	10	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	0	<b>85</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	100	<b>15</b>

### **Criterios de cualificación:**

A cualificación de cada avaliación parcial calcularase como media aritmética das cualificacións de cada unidade didáctica determinada pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos.

No relativo ás probas escritas: Na primeira e na segunda avaliación realizaremos dúas probas, que consistirán nunha parte tipo test (con 24 preguntas e un valor de 8 puntos) e unha parte práctica (2 puntos). Na parte do test cada resposta incorrecta penalizará 1/3 (-1,111... puntos). Na terceira avaliación haberá unha proba escrita que consistirá nun test de 30 preguntas na que cada pregunta incorrecta penalizará 1/3 (-1,111...).

No relativo ás táboas de indicadores: terase en conta principalmente o traballo diario e a participación activa do alumnado no proceso da propia aprendizaxe. Na terceira avaliación o alumnado deberá realizar unha exposición oral dun traballo de investigación sobre unha temática económica de actualidade, conforme as indicacións da profesora, que poñerá no coñecemento do alumnado, coa debida antelación, a rúbrica, e/ou a táboa de indicadores, correspondente.

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra da primeira décima sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra da primeira décima sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

As cualificacións das tres avaliacións son independentes e a cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra da primeira décima sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra da primeira décima sexa inferior a 5.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar tarefas, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.

O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos das avaliacións que ten suspensas.

A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, sen aplicar o redondeo, e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5.

A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria (proba escrita) que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo establece a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita

(aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Procedemento destinado a:

- Alumnado que cursa segundo curso de Bacharelato e ten pendente a materia de Economía de primeiro.
- Alumnado de cambio de modalidade que deba cursar a materia de primeiro.

O alumnado que se matricule no segundo curso do bacharelato e teña materias pendentes de primeiro curso, ou teña que cursalas como pendentes, poderá recuperalas, conforme o establecido na RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

Este alumnado será convocado, nas datas determinadas pola dirección do centro educativo, para a realización de dúas probas escritas parciais que versarán sobre os contidos correspondentes á primeira e á segunda metade da totalidade das unidades didácticas da materia, respectivamente.

A cualificación de cada avaliación parcial será a cualificación obtida na proba correspondente aplicando o redondeo seguinte:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra da primeira décima sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra da primeira décima sexa inferior a 5.

A cualificación da 3ª Avaliación parcial calcularase como media aritmética das cualificacións, sen redondear, das anteriores avaliacións parciais. Entenderase que o alumnado supera a materia cando obteña unha cualificación, aplicado o redondeo, de mínimo 5 puntos.

No caso de non superar as probas parciais o alumnado será convocado a unha proba final (Artigo 13.1. da ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.) que se adecuará ás datas previstas para a ABAU e que versará sobre a totalidade dos contidos. A cualificación estará composta exclusivamente polo resultado da proba final (PE) proposta (aplicarase ao resultado final o redondeo explicado e recollido na programación).

A aula virtual xoga un papel fundamental para facilitar a recuperación da materia proporcionando todo o material necesario con actividades e exercicios prácticos resoltos e explicados paso a paso.

O seguimento do alumnado con materias pendentes corresponderá á xefatura de departamento en coordinación co profesorado de nivel que imparte docencia ao alumno ou alumna e conforme o establecido no artigo 75. 1. do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria: "É competencia do xefe ou xefa de departamento:

h) Realizar as convocatorias, cando corresponda, dos exames para os alumnos e alumnas libres, alumnos e alumnas de bacharelato ou ciclos formativos con materias ou módulos profesionais pendentes, así como as probas extraordinarias, sempre en coordinación coa xefatura de estudos. Presidir a realización dos exercicios correspondentes e avalialos en colaboración cos membros do departamento".

Desde a xefatura de departamento tamén se elaborará un plan específico de reforzo, para cada alumno/a coa materia pendente, indicando os criterios de avaliación, as estratexias metodolóxicas, as probas que se realizarán e a súa temporalización, podendo incluír a realización e entrega de tarefas que favoreza a aprendizaxe e/ou reduza, un 10 %, o peso dos exames para superar a materia. Unha copia deste informe será entregado ás familias do alumnado.

### 6. Medidas de atención á diversidade

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidades educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados

ao seu desenvolvemento.

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

De ser preciso, desenvolveranse as medidas de atención á diversidade, ordinarias e extraordinarias, seguintes:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.

- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X			X	X	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X		X	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero	X	X	X	X

### Observacións:

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarase transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

Promoverase a toma de conciencia da importancia de adquirir hábitos de vida saudables, como son a práctica de exercicio físico e a alimentación saútable, para favorecer unha boa calidade de vida.

Promoverase tamén a toma de conciencia sobre a importancia do consumo responsable e da preservación do medio ambiente.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a unha empresa	Co fin de achegar o alumnado á realidade dun dos principais axentes económicos		X	
Visita ao xulgado de primeira instancia e instrución de Ribeira	Co fin de promover a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos, e de valores de xustiza, paz, democracia, igualdade, respecto polos dereitos, rexeitamento da violencia e respecto polo Estado de dereito.	X		
Visita ao Parlamento de Galicia	Co fin de promover a aprendizaxe dos valores democráticos e respecto polo Estado de dereito.		X	
Charlas formativas a cargo de profesionais, empresas e/ou institucións.	Charlas que pretenden achegar a realidade económica e social ao alumnado.		X	X

### Observacións:

Tratarase de realizar polo menos unha das actividades anteriores segundo sexa posible conforme o desenvolvemento do curso, a receptividade das institucións e empresas solicitadas, o tempo e os recursos dispoñibles.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.

<b>Metodoloxía empregada</b>
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inxerencias do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ó currículo do alumnado.
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación.
Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
Estabece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.

Clima de traballo na aula
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.

### Descrición:

Tal e como establece a normativa, "O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes."

Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
  - a motivación do alumnado,
  - desenvolvemento do proceso de ensino,
  - idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
  - e seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe
- Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia e nas reunións mensuais de departamento.

Nas reunión de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderán introducirse medidas correctoras se estas se estiman oportunas. Todas as posibles propostas de mellora reflectiranse na Memoria Final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.

As ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

## 9. Outros apartados